

**Acta núm. 24/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 16 de novembro de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 16 de novembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 23/2021, DO 02.11.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) PRÓRROGAS COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 4º) PRÓRROGA LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 23/2021, DO 02.11.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 02.11.2021, acta núm. 23/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS BÓVEDA CASADO, na que comunica que vai modificar o peche de parcela existente na Avd. Vicente Ramos nº 19 – Os Ánxeles, coincidente coa liña de edificación recollida nos planos de ordenación, do seguinte xeito:

- .-Construción dun muro de mampostería perpendicular ao vial para colocación de dous portalóns de acceso.
- .-Aumento da altura do peche con muro de formigón armado.
- .-Instalando dun portalón de acceso de vehículos e dunha porta peatonal, recuados con respecto á aliñación.
- .-Canalización da cuneta existente con tubo de 400 mm.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7348203NH2474N0001UJ) emprázase parte sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1), do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .-A altura máxima, medida desde a rasante da estrada, será de 1,80 metros no muro de mampostería e de 1,20 metros no muro de formigón.
- .-O muro de formigón será convenientemente revestido e pintado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 79,03 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 143,60 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TERESA LEIS MOURIÑO, na que comunica que vai pavimentar con formigón 71,82 m² sen invadir o vial público da parcela sita na Avd. Santa Minia 48.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6359407NH2466S0001OO) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1), situase dentro do contorno de protección do Centro de Saúde de Brión, incluído no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como BE11, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,81 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 90,38 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DOLORES HERMITAS RIVAS LEMOS, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita en Chave de Ponte 16, Bastavales, substituíndo o terrazo do pavimento por plaqueta, sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 9011402NH2491S0001IT) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10.80 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 75,37 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Marta Álvarez Borrajo, que di actuar en representación de EVA LÓPEZ SOTO, na que comunica que vai construír un porche pechado, de aproximadamente 23,96 m², na fachada traseira da vivenda unifamiliar sita en Rourís 2.

A parcela onde se van realizar as obras (ref. catastral 6156608NH2465N0001RU) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 285,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 350,47 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO MOURIÑO MOURELLE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Trasouteiro 9 – Brión, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado e a fiestra situada no plano de tellado, por tella e fiestra novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5068902NH2456N0000QL) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 164,32 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 228,89 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICTOR MANUEL GARCÍA PÉREZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda sita en Tembra 43 – Boullón:

.- Reparar a cuberta da vivenda, que data do ano 2004 segundo a oficina virtual de catastro, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

.- Pintar a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 001000500NH24C0001SD) atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base a disposición transitoria 1º.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta Lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 163,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 227,73 euros

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL MOURIÑO RIVAS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Perros 34 – Os Ánxeles, colocando tella sobre as pranchas de fibrocemento existentes, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 001201700NH24D0001HX) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo como rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base a disposición transitoria 1º.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta Lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 83,88 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 148,45 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Isabel Suárez Prol, que di actuar en representación da CDAD. PROP. DA FINCA REXISTRAL 27.619, na que comunica que vai reparar e substituír o acabado do pavimento de arredor da piscina comunitaria da Urbanización Monte Balado.

A parcela onde se van realizar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, sendo de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 214,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 278,57 euros.

TERCEIRO.- PRÓRROGAS COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA LUZ COTÓN MÍGUEZ, na que se solicita prórroga do prazo de remate das obras de reparación e ampliación dunha edificación auxiliar (alpendre) no Casal, Brión.

Na data 16.12.2020 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou as obras de reparación e ampliación dunha edificación auxiliar (alpendre) de 15 m², ata alcanzar a superficie de 50 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, no Casal, Brión. A construción será con bloque de formigón revestido e cuberta de pranchas de fibrocemento e tella cerámica.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de seis meses para o remate das obras.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DEL CARMEN CAJUSO MACEIRA, na que se solicita prórroga do prazo de inicio das obras de reparación dun depósito de auga privada que da servizo a cinco vivendas no lugar de Os Ánxeles.

Na data 06.07.2021 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou as obras de reparación dun depósito de auga privada que da servizo a cinco vivendas no lugar dos Ánxeles, realizando labores de limpeza e posterior revestimento con morteiro hidrófugo de cor gris. A actuación solicitada non modifica a estrutura e non incrementa o volume actual da edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de un mes e medio para o inicio das obras.

CUARTO.- PRÓRROGA LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA TERESA RIAL GONZÁLEZ, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar sita en Brión de Abaixo 34 – Brión.

A Xunta de Goberno Local con data 23.12.2019 concedeu a María Teresa Rial González modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 30.10.2018, para construír unha vivenda unifamiliar e una edificación auxiliar en Brans de Abaixo 34, Brión, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.11.2019 (n.r.e.: 1801462).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras, coa condición de que a obra sexa rematada exteriormente.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar unha liña subterránea de baixa tensión en O Cabo 27 – Os Ánxeles, en condutor de tipo XZ1 0,6/1 KV, 4(1x240) dende o punto de acceso á rede sobre condutor existente XZ1-4x240S.1 del CT 15AL52 (Vilanova), ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 106 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 15.09.2021, visado nº 22101540.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. Catastral 7549139NH2474N0001TJ) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2), e nela existe unha vivenda en construción que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 06.07.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.278,30 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 255,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 320,23 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar unha liña subterránea de baixa tensión en Vilas 35 – Bastavales, derivando o condutor RZ95 dende o apoio HV-630/11 existente e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo (PAS) ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia dunha lonxitude total de 32,00m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña o 19/05/2021, visado nº 1480/21-CO.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. Catastral 6924807NH2462S0001IP) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1), nela estase construindo unha vivenda unifamiliar que conta con licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local o 22.06.2021 e atópase próxima á canalización soterrada da rede de gas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da conformidade de Nedgia ao proxecto, expte. N-TSG-20210011 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 684,49 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 76,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 141,47 euros.

SIXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Amenedo Ansende, que di actuar en representación de MANUEL GARCÍA CASAL, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e edificación complementaria na rúa Pomba 10 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Amenedo Ansende, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.04.2021 e documentación complementaria visada o 04.10.2021 e 14.10.2021 (expte. núm. 2101925).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6747204NH2464N0001SD) atópase clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Amenedo Ansede, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.04.2021 e documentación complementaria visada o 04.10.2021 e 14.10.2021 (expte. núm. 2101925).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (65,07m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 65,07 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 10 de novembro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.919,64 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 273,43 euros.
- Total: 3.193,07 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan Sebastian Lareo Sánchez, que di actuar en representación de ANTONIO HERMIDA VÁZQUEZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Piñeiro 42 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución

asinado polo arquitecto Juan S. Lareo Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.07.2021 (expte. núm. 2104460).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6342804NH2464S0001BZ) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Juan S. Lareo Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.07.2021 (expte. núm. 2104460).

.- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (33 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

.- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

.- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

.- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

.- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

.- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 33 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 09 de novembro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.800,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 281,89 euros.

Total: 4.081,89 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Marcos Agrafojo López, que di actuar en representación de MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ VERDUGA, na que solicita licenza para ampliar a explotación gandeira (vacún de leite) no lugar de Vioxo de Arriba – Luaña, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o 15.04.2020 e anexo visado o 05.10.2020 (expte. núm. CO-20200237).

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral núm. 15013B507001300000MX) está clasificada como solo rústico de protección agropecuaria e sitúase dentro da zona de protección de leitos do rego de Vioxo.

A explotación gandeira, nº de censo 15.013.00710, conta co recoñecemento da súa existencia con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe sectorial favorable da Consellería do Medio Rural asinado o 26.08.2020, da autorización de Augas de Galicia, clave DH.W15.75857, do compromiso do propietario de xestión da biomasa nunha franxa de 50 m. arredor das instalacións durante un período de 6 anos asinado o 02.10.2020, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o 15.04.2020 e anexo visado o 05.10.2020 (expte. núm. CO-20200237).

-. A obtención da licenza para as edificacións non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo o disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

-. Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais á construción e ao uso autorizado, segundo o disposto no artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 553,43 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 649,46 euros.

SÉTIMO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dada conta da proposta da alcaldía do 15.11.2021, que transcrita di:

Dada conta do expediente tramitado para a contratación do servizo: SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, cun orzamento base de licitación de: 996.780,00 €, IVE incluído, licitado por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada cun varios criterios de valoración, mediante a publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17.07.2021, publicado no DOUE en data 15.07.2021, téndose presentado 15 empresas. (Expediente BR20210020).

Antecedentes:

1º) Resultando que con data 06.09.2021 a Mesa de Contratación acordou:

1º) Admitir a todas as empresas presentadas.

2º) Fixar o día 8 de setembro de 2021, ás 9,00 horas, na Casa do Concello, para o acto de apertura dos sobres ou arquivos electrónicos B.

2º) Resultando que con data 08.09.2021, reanudada con data 07.10.2021, a Mesa de Contratación acordou:

O obxecto da reunión é proceder á realización da apertura do sobre B das ofertas das empresas admitidas: Calidade. Proxecto técnico de organización do servizo.

Realizada a apertura dos sobres electrónicos, a Mesa por unanimidade, acorda:

1º) Remitir a documentación para o seu exame e valoración polo Comité de Expertos designado no prego de cláusulas administrativas particulares.

Logo de realizada a valoración polo Comité de Expertos reunírase novamente a Mesa de Contratación para a continuación desta sesión para os efectos de outorgar as puntuacións que correspondan a cada proposición polo criterio de adxudicación que depende dun xuízo de valor dos sobres B.

Posteriormente realizarase o acto público de apertura dos sobres C nunha nova sesión de Mesa de Contratación no lugar e hora sinalados no perfil de contratante consonte co disposto na cláusula 15.3. do PCAP.

Con data 7 de outubro de 2021, ás 10,00 horas, reanudase a sesión da Mesa de Contratación para os efectos de outorgar as puntuacións que corresponde aos criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor logo das valoracións realizadas polo Comité de Expertos en sesión de data 30 de setembro de 2021.

Consonte co informe de valoración do Comité de Expertos, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións ás empresas presentadas correspondentes ao arquivo electrónico B: criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor.

1. O ESPERTAR SERVICIOS SOCIAIS S.L.: 35,50 puntos.
2. ATENDO CALIDADE S.L.: 51,50 puntos.
3. AZVASE S.L.: 45,50 puntos.
4. CARFLOR S.A.: 35,50 puntos.
5. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.: 35,00 puntos.
6. FEPAS: 36,50 puntos.
7. OHL SERVICIOS INGESAN: 52,00 puntos.
8. PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005 S.L.: 34,50 puntos.
9. SANAMEDE S.L.: 43,50 puntos.
10. SENES CIT S.L.: 39,50 puntos.
11. SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.: 52,50 puntos.
12. SIAD24 GALICIA S.L.: 42,50 puntos.
13. SOCISER GALICIA SLU.: 47,50 puntos.
14. SON A TUA AXUDA.: 38,50 puntos.
15. TRONCOSO CASARES S.L.: 31,50 puntos.

2º) Publicar na Plataforma de Contratos do Sector Público o informe de valoración dos criterios de adxudicación contificables mediante xuízo de valor de cada unha das ofertas asinado polo Comité de Expertos.

3º) Resultando que con data 07.10.2021, a Mesa de Contratación acordou:

Téndose anunciado a realización deste acto público mediante anuncio publicado no perfil de contratante do concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 05.10.2021, procedeuse a dar conta das puntuacións outorgadas polos sobres electrónicos B e a apertura dos sobres electrónicos C: ofertas económicas.

En primeiro lugar deuse contas das puntuacións outorgadas pola Mesa de Contratación, consonte co informe de valoración do Comité de Expertos, ás empresas presentadas correspondentes ao arquivo electrónico B: criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor.

A continuación procedeuse á apertura dos sobres electrónicos C: Ofertas económicas, sendo as ofertas das empresas as seguintes:

1. O ESPERTAR SERVICIOS SOCIAIS S.L.: 18,10 euros, prezo base da hora sen IVE.
2. ATENDO CALIDADE S.L.: 18,20 euros, prezo base da hora sen IVE.

3. AZVASE S.L.: 17,94 euros, prezo base da hora sen IVE.
4. CARFLOR S.A.: 18,13 euros, prezo base da hora sen IVE.
5. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.: 17,45 euros, prezo base da hora sen IVE.
6. FEPAS: 18,09 euros, prezo base da hora sen IVE.
7. OHL SERVICIOS INGESAN: 18,25 euros, prezo base da hora sen IVE.
8. PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005 S.L.: 16,75 euros, prezo base da hora sen IVE.
9. SANAMEDE S.L.: 15,10 euros, prezo base da hora sen IVE.
10. SENES CIT S.L.: 17,50 euros, prezo base da hora sen IVE.
11. SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.: 16,65 euros, prezo base da hora sen IVE.
12. SIAD24 GALICIA S.L.: 17,90 euros, prezo base da hora sen IVE.
13. SOCISER GALICIA SLU.: 17,99 euros, prezo base da hora sen IVE.
14. SON A TUA AXUDA.: 17,80 euros, prezo base da hora sen IVE.
15. TRONCOSO CASARES S.L.: 16,79 euros, prezo base da hora sen IVE.

Realizada a valoración das ofertas económicas consonte co disposto nos pregos, a Mesa de Contratación outorga as puntuacións que corresponden segundo a aplicación informática, e que se anexan á acta da sesión.

As puntuacións referidas son as seguintes:

1. O ESPERTAR SERVICIOS SOCIAIS S.L.: 4,03 ptos.
2. ATENDO CALIDADE S.L.: 3,02 ptos.
3. AZVASE S.L.: 6,66 ptos.
4. CARFLOR S.A.: 3,73 ptos.
5. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.: 10,60 ptos.
6. FEPAS: 4,14 ptos.
7. OHL SERVICIOS INGESAN: 2,52 ptos.
8. PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005 S.L.: 17,66 ptos.
9. SANAMEDE S.L.: 32,06 ptos.
10. SENES CIT S.L.: 10,10 ptos.
11. SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.: 18,67 ptos.
12. SIAD24 GALICIA S.L.: 6,05 ptos.
13. SOCISER GALICIA SLU.: 5,15 ptos.
14. SON A TUA AXUDA.: 7,06 ptos.

15. TRONCOSO CASARES S.L.: 17,25 ptos.

A Mesa de Contratación por unanimidade acordou:

1º) Requirirille ás empresas SANAMEDE S.L; SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.; PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005 S.L., e TRONCOSO CASARES S.L., cuxas ofertas se atopan incursas en ofertas anormalmente baixas ou desproporcionadas, en aplicación do disposto na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), que xustifiquen a súa oferta, por medios electrónicos e asinada electronicamente, a través do perfil de contratante do Concello que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de CINCO (5) días hábiles desde o envío da correspondente comunicación, acompañando a documentación a que se refire a cláusula 16 do PCAP: Xustificación dos prezos ofertados e volume de contratación.

A xustificación realizada polos licitadores se remitirá posteriormente a informe dos servizos técnicos do Departamento de Servizos Sociais a fin de que emitan o correspondente informe.

4º) Resultando que con data 21.10.2021, a Mesa de Contratación acordou:

Visto o informe do Departamento de Servizos Sociais do 19.10.2021, asinado polas dúas traballadoras sociais municipais, no que se sinala que das tres empresas soamente a empresa SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L. xustifica adecuadamente a súa oferta de carácter desproporcionado ou anormal, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Excluir ás empresas SANAMEDE S.L. e PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005 S.L., por non xustificar adecuadamente as baixas temerarias ou desproporcionadas ofertadas, consonte co informe referenciado, e excluir á empresa TRONCOSO CASARES S.L. por non presentar ningunha documentación xustificativa.

2º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L., polo prezo de: 16,65 euros, prezo base da hora sen IVE, e consonte co proxecto técnico de organización do servizo presentado, por considerar que presentou a mellor oferta en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos e xustifica a baixa ofertada.

3º) Publicar no perfil de contratante do Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público o informe do Departamento de Servizos Sociais e a acta desta sesión para xeral coñecemento.

4º) Requirir á empresa SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L., para que presente, dentro do prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación establecida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas, e a constitución da garantía definitiva polo 5% do presuposto de adxudicación do contrato, excluído o IVE, durante os dous anos de duración inicial do contrato, polo importe de: 42.957,00 euros, e ademais a garantía definitiva complementaria polo 5% do polo 5% do presuposto de adxudicación do contrato, excluído o IVE, durante os dous anos de duración inicial do contrato, polo importe de: 42.957,00 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; os documentos orixinais das garantías deberán presentarse para o seu depósito na tesourería municipal.

5º) Resultando que con data 10.11.2021, a Mesa de Contratación acordou:

Tras a análise da documentación por parte da Mesa de Contratación esta acorda que a empresa presenta toda a documentación requirida en prazo e de maneira correcta polo que considera que cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicado este contrato.

Á vista do exposto a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa **SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.**, polo prezo de: 16,65 euros, prezo base da hora sen IVE, e consonte co proxecto técnico de organización do servizo presentado, por considerar que presentou a mellor oferta en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos e xustifica a baixa ofertada.

Considerando que neste Concello o órgano competente para a adxudicación deste contrato é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, propónse a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Adxudicar á empresa **SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR SL**, CIF: B70091749, a execución do contrato de servizos de: Servizo de axuda no fogar do Concello de Brión, por un prazo de dous anos (24 meses), con posibilidade de prórroga por un ano (12 meses), coas prestacións ofertadas polo adxudicatario no proxecto técnico de organización do servizo, por considerar que presentou a mellor oferta en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos e xustifica a baixa ofertada, e polo prezo de: 16,65 euros/hora, sen IVE, tanto para dependencia como para libre concorrancia, sendo o prezo de adxudicación igual a:

- Libre concorrancia: 16,65 euros/hora, máis o IVE do 10%, igual a: 1,67 euros, o que fai un total de: 18,32 euros/hora, IVE incluído, por 3.600 horas (dous anos): 65.952,00 euros, IVE incluído.

- Dependencia: 16,65 euros/hora, máis o IVE do 4%, igual a: 0,67 euros, o que fai un total de: 17,32 euros/hora, IVE incluído, por 48.000,00 horas (dous anos): 831.360,00 euros, IVE incluído.

O prezo de adxudicación de: 897.312,00 euros, IVE incluído, supón unha baixa respecto do orzamento base de licitación de: 996.780,00 euros, igual á cantidade de: 99.468,00 euros, IVE incluído.

De conformidade co sinalado na cláusula 2 do prego de cláusulas administrativas dado que o número de horas son unha estimación, pode acontecer que o número de horas efectivas sexa inferior ao número de horas estimadas. Neste caso, o contratista só terá dereito a percibir o custe das horas efectivamente realizadas.

2º) Aprobar o gasto desta anualidade con cargo a aplicación: 231.22714 do orzamento vixente, adoptando o compromiso de consignar nos orzamentos de 2022 e 2023, os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados deste expediente de contratación.

3º) Nomear responsable do contrato á traballadora social María Victoria Varela Rodríguez que exercerá as funcións sinaladas na cláusula 22 do PCAP.

4º) Notificar este acordo aos licitadores e publicar no perfil de contratante a adxudicación.

5º) Notificar este acordo ao adxudicatario para a formalización do contrato, que consonte co disposto na cláusula 19 do PCAP non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e logo da súa formalización facela pública mediante anuncio no perfil de contratante ao abeiro do disposto no art. 63 da LCSP.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

OCTAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
 Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González